



## **BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUN POSTO DE MONITOR/A DE DEPORTES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO INCLUIDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

**1º.- OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN.** O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a provisión de persoal laboral temporal no Concello de Barreiros dun posto de monitor/a deportivo, polo sistema de concurso-oposición.

A convocatoria realízase ao abeiro do programa de Fomento do emprego incluído no Plan provincial único de cooperación cos concellos 2022 da Excma. Deputación Provincial de Lugo, vista a necesidade deste concello de contratar persoal en réxime laboral temporal en servizos esenciais que se declaran prioritarios, atopándonos, nunha situación que precisa do reforzo das actividades deportivas do concello, dirixidas na súa maioría á infancia e á xuventude, para tratar de mellorar as condicións de conciliación das familias de Barreiros.

A modalidade de contratación terá as características seguintes:

- **Tipo de contrato:** Contrato temporal por acumulación de tarefas. Horario: determinarase polo departamento correspondente e poderá ser a xornada partida e incluír fins de semana e/ou festivos.

- **Duración do contrato:** 6 meses, con data de inicio en outubro de 2022.

- **Retribucións:** Grupo 8. Monitor. Retribución bruta mensual: 1.297 €, incluíndo a parte proporcional das pagas extras. Os desprazamentos dentro das horas laborais deberá facelos en vehículo particular e abonarase a quilometraxe xustificada a 0,19 €/km e as horas extras que non sexan compensables en horas libres abonaránse ó prezo correspondente a hora normal de traballo.

- **Funcións principais do posto de traballo:**

- Organizar e impartir aquelas actividades que así se lle demanden dentro da programación deportiva municipal.

- Colaborar no desenvolvemento de calquera das actividades deportivas nas que se implique o concello de Barreiros.

- **Sistema de provisión:** Concurso-oposición de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, e publicidade.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na seguinte lexislación:

— A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.





— O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— A Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

— A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

— Os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

— O artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

— O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3).

— O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

**2º.- REQUISITOS DO/AS CANDIDATOS/AS.** Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitude e que estean debidamente xustificadas:

- Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos dezoito anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Os candidatos deberán acreditar estar en **situación de desemprego ou mellora de emprego.**

g) **Titulacións requiridas: Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou Formación Profesional de primeiro grado ou equivalente.**

h) Acreditación do coñecemento da lingua galega. Os aspirantes acreditarán o coñecemento da lingua galega mediante diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística (**nivel mínimo de celga 3**). En





defecto da acreditación anterior, os/as aspirantes deberán realizar unha proba trala valoración de méritos, que terá carácter eliminatorio.

i) **Contar con permiso de conducir e vehículo propio para desplazamentos.**

**3º.- PUBLICIDADE.** Segundo as disposicións reguladoras do programa de Fomento do emprego, antes de comezar o proceso selectivo o Concello enviará estas bases á Excm. Deputación Provincial para a súa publicación por esta entidade durante o prazo de 10 días hábiles. Transcorrido este prazo:

1.- A apertura do proceso de selección e as bases serán publicadas polos seguintes medios: BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Barreiros e na páxina web municipal [www.concellodebarreiros.gal](http://www.concellodebarreiros.gal).

O prazo para presentar instancia comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no BOP.

#### **4º.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

As persoas que desexen entrar a formar parte do proceso de selección, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se facilitará nas oficinas municipais e na páxina web do concello.

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral deste concello, na sede electrónica municipal ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello (ben presencialmente ou través da sede electrónica), e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante correo electrónico á [secretaria@concellodebarreiros.gal](mailto:secretaria@concellodebarreiros.gal), remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitan este avance por correo electrónico dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de **DEZ DIAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos)** contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Á instancia unirase:

- 1.- Fotocopia do DNI.
- 2.- Fotocopia do carnet de conducir.
- 3.- Fotocopia do título académico.
- 4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.
- 5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.
- 6.- Informe da Oficina de Emprego do tempo que figure como demandante de emprego en situación de desemprego (non serve a mellora de emprego).
- 7.- Declaración xurada sobre os seguintes aspectos:





- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

**5º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.** O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

**6º.- LISTA PROVISIONAL E LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE REALIZACIÓN DO PROCESO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.** Expirado o prazo de presentación de instancias, a alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e, de ser o caso, causa de exclusión, concedendo un prazo de tres días hábiles para a subsanación. Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do concello ou na súa sede electrónica, deberá se comunicada por correo electrónico dentro do prazo de 3 días hábiles sinalado anteriormente. As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional. O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web. A resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicará así mesmo a composición do Tribunal, e a data e hora de realización polo tribunal do proceso de valoración de méritos alegados polos/as aspirantes definitivamente admitidos/as e a data de realización da proba teórico-práctica.

**7º.- FASES DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.** A selección realizarase a través das seguintes fases:

### **1.- FASE DE CONCURSO.-**

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. O resultado da mesma publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. Os méritos aos que se fai





referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. **Non se valorará ningún mérito que non estea presentado correctamente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.**

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

## **A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:** (ata un máximo de 5 puntos):

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características noutra Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo ata os 2,5 puntos. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características no sector privado: 0,05 puntos por cada mes completo de servizo ata os 2,5 puntos. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

No caso de servizos por conta allea, deberán presentarse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- a) Informe de vida laboral
- b) copia do/s contrato/s de traballos

**(Non se valoran os contratos sin a vida laboral e tampouco a vida laboral sin os contratos correspondentes).**

Estes documentos poden substituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, grupo de cotización, período traballado e número de horas da xornada laboral.

No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

## **B) FORMACIÓN:**(ata un máximo de 6 puntos):

- Ter a titulación de **Grado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte** ou equivalente, puntuarase con 1,5 puntos.

- Ter a titulación de **Técnico Superior en Enseñanza e Animación Sociodeportiva** ou equivalente, puntuarase con 1 punto.





- Cursos, xornadas ou similares relacionados directamente co deporte e coas funcións a desempeñar, valoraranse con arranxo á seguinte escala: (máximo de 3 puntos en total).

- De máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- De 40 a 100 horas: 0,25 puntos.
- De 20 a 39 horas: 0,15 puntos.

(Valoraranse con 0,20 puntos máis dos que lles corresponderían, os cursos directamente relacionados con algunha das especialidades que se van a impartir ós menores nas Escolas Deportivas Municipais: atletismo, fútbol sala ou patinaxe).

- Formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, puntuarase con 0,5 puntos.

Acreditaráanse mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos. Non se valorarán aqueles cursos que non teñan establecidas claramente as horas nin os que teñan máis de 15 anos de antigüidade.

A documentación que xa fora presentada con anterioridade no concello non terá que volver a presentarse pero terán que indicar na solicitude o procedemento no que se presentou dita documentación para poder admitila.

**2.- PROBA TEORICO-PRACTICA:** Os aspirantes deberán elaborar cos seus propios medios (dende o momento en que se publiquen estas bases e ata a data que fixe o tribunal) e aportar no momento en que se lles indique, un **proxecto de clases de fútbol sala para as Escolas Deportivas municipais para menores**, o máis detallado posible (inda que non ten porque ser con datos reais pero si realistas), debendo incluír necesariamente: unha memoria descriptiva das actividades e os seus destinatarios, un cronograma das mesmas, un resume do material que se precisaría co seu custo. Non poderá ter máis de 6 páxinas en word e con tamaño de letra mínimo de 12, tomando como referencia o tipo de letra Times New Roman e a dobre espacio.

O día que se determine polo tribunal e que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, deberán acudir ás dependencias municipais con dúas copias do proxecto (unha para o tribunal) e deberán defendelo diante do tribunal que poderá efectuar todas as preguntas que estime necesarias para valorar a proba.

**A puntuación total da proba será de 9 puntos.**

Si o día da proba non presentan ningún proxecto quedarán eliminados do proceso selectivo.





**3.- PROBA DE GALEGO:** Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase de apto ou non apto. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 3 ou estudos equivalentes.

**8°.- RESOLUCIÓN** O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado da suma das puntuacións obtidas, proponendo a proposta de nomeamento aos candidatos/as que obtiveran a maior puntuación. Este acta publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

Os/as candidatos/as non seleccionados quedarán en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia ou situacións puntuais de baixas por incapacidade laboral temporal da persoa inicialmente seleccionada, e no tempo de duración deste contrato.

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase pola alcaldía, a proposta do tribunal cualificador.

Os/as aspirantes seleccionados/as, previamente a súa contratación, e no prazo de tres días hábiles contados desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

**9°.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.** O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo. No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

**10°.- RECURSOS.** Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a alcaldía do Concello de Barreiros, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

## **11°.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os/as interesados/as autorizan ó concello de Barreiros á publicación na sede electrónica dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario







publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A DE DEPORTES PARA O CONCELLO DE BARREIROS (PLAN DE FOMENTO DO EMPREGO. PLAN UNICO DEPUTACION DE LUGO 2022).**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_,  
teléfono \_\_\_\_\_; Número da seguridade Social \_\_\_\_\_;  
correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a contratación laboral temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
  - 1.- Fotocopia do DNI.
  - 2.- Fotocopia do carnet de conducir.
  - 3.- Fotocopia do título académico.
  - 4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.
  - 5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia. *(A documentación que xa fora presentada con anterioridade no concello non terá que volver a presentarse pero terán que indicar na solicitude o procedemento no que se presentou dita documentación para poder admitila.)*
  - 6.- Informe da Oficina de Emprego do tempo que figure como demandante de emprego en situación de desemprego ou mellora de emprego.
  - 7.- Declaración xurada sobre os seguintes aspectos:
    - non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.







- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Barreiros, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Sinatura: \_\_\_\_\_

### MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ , con  
DNI \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en  
\_\_\_\_\_, con  
dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_ e teléfono de  
contacto \_\_\_\_\_ ,

DECLARA baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de selección para cubrir un posto de traballo temporal no Concello de Barreiros:

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso/o en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

O/A solicitante





# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

Asdo:



Cod. Validación: ANSZGSM9WNQZ5YMGZ3XDMKCCQ | Corrección: <https://barreiros.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10